

**CES**

COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Núm. 36 (2014), páxs. 281-288

ISSN: 1130-2682

IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS DO CONSELLO REITOR  
DUNHA COOPERATIVA CUALIFICANDO A BAIXA DUN  
SOCIO DE NON XUSTIFICADA. CONTRADICCIÓN CO  
PRINCIPIO DE PORTA ABERTA. PRAZO PARA QUE  
SEXA ESIXIBEL O REEMBOLSO DAS APORTACIÓNS  
[ANOTACION Á SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL  
DE MADRID (SECC. 28) NÚM. 139/2013 DE 3 DE MAIO]

*CHALLENGING OF THE AGREEMENTS OF THE GOVERNING  
ADVICE OF A COOPERATIVE OF QUALIFYING THE FALL OF A  
PARTNER GIVE NOT JUSTIFIED. CONTRADICTION WITH THE  
BEGINNING OF OPENED DOOR. TERM IN ORDER THAT IT IS  
EXIGIBLE THE REIMBURSEMENT OF THE CONTRIBUTIONS  
[ANNOTATION TO THE JUDGMENT OF THE PROVINCIAL  
COURT OF MADRID (SECC. 28) NÚM. 139/2013 OF MAY 3]*

XACOBO IZQUIERDO ALONSO<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> Profesor TEU de Dereito Mercantil; Universidade de Vigo. Dirección de correo electrónico: jizqdo@uvigo.es



## I RESUMO

**A** Audiencia Provincial resolve o recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado do Mercantil nº 11 de Madrid, que desestima a demanda interposta por C. contra a sociedade cooperativa da que formaba parte, absolvendo á sociedade cooperativa demandada e condenando en costas á parte demandante.

O demandante C. prantexara no seu escrito inicial dúas pretensións: 1, a da nulidade do acordo do Consello Reitor da sociedade cooperativa de 14 de xaneiro de 2010, verbo da baixa que solicitara, declarando a mesma coma xustificada e con efectos dende o 2 de febreiro de 2010; e 2, que se lle reembolsaren as achegas voluntarias e obrigatorias sen practicar deducción ningunha.

C. solicitara a baixa na sociedade cooperativa mediante o correspondente escrito de preaviso. O Consello Reitor calificou a baixa como inxustificada por entender que atentaba contra os intereses da cooperativa. Posteriormente, C. recurriría o devandito acordo ante o Comité de Recursos, que rexeitaría o recurso.

O Xulgado do Mercantil de Madrid desestimou as pretensións de C. mediante sentenza contra a que C interpon recurso de apelación. No dito recurso argumenta, no primeiro lugar (Fundamento de Dereito Segundo), contra a admisibilidade da prórroga para a resolución do seu recurso que se outorgaría polo propio Comité Recursos . No segundo lugar, verbo da calificación da baixa, considera que as novas achegas acordadas destinadas á pagar a débeda coa Xunta de Compensación constituía una obriga extraestatutaria gravemente onerosa.

No seu escrito de oposición, a sociedade cooperativa demandada argumenta, entre outras cousas a variabilidade do prezo das vivendas orixinou que a Asemblea aprobara un novo plan de achegas que C. nunca aboaría, incumprindo así gravemente as súas obrigas coma socio: a solicitude de baixa fíxose sen alegar causa que a xustificara.

A Audiencia centra basicamente o razoamento do Fundamento de Dereito Terceiro en dilucidar o carácter da baixa da *litis* –xustificada ou non xustificada-, pois o acordo do Consello Reitor –que é o órgano que debe cualificar a causa da baixa-, contra do disposto nos Estatutos da propia Cooperativa, non se refire a incumprimento ningún : a cualificación non tería fundamento e, xa que logo, resultaría contradictorio co principio de porta aberta.

Ademais, refírese tamén ao disposto no art. 20 da Lei 4/1999, de Cooperativas da Comunidade de Madrid, que establece o réxime de baixa voluntaria dos socios e das baixas non xustificadas. E tamén ao disposto no art.114 da mesma Lei que sinala que os Estatutos deberán establecer as causas de baixa non xustificada dun

socio, entendéndose xustificadas as causas non previstas. A Audiencia interpreta que consonte ao principio de portas abertas, toda baixa voluntaria non comprendida entre as que poden dar lugar á súa cualificación coma non xustificada, debe se entender coma xustificada.

Deseguido no mesmo Fundamento Terceiro, a Audiencia considera o vencello que existe entre o principio de portas abertas e á súa aplicabilidade efectiva, o que se desenvolve por medio do réxime de libre adhesión e baixa voluntaria. E así, invoca o art. 1 da tan citada Lei de Cooperativas de Madrid, que ordena que as Cooperativas axusten a súa estrutura e funcionamento aos principios e valores da Alianza Cooperativa Internacional (vid. a Declaración de Manchester de 1995), entre os que se acolle o principio de portas abertas (referíndose deseguido ao réxime legal da baixa do socio contido no art. 32 da Lei “General” de Cooperativas de 1987 (¿?), coma desenvolvemento legal do repetido principio de portas abertas).

Salienta tamén a Audiencia o carácter obxectivo dos supostos de baixa voluntaria que poden prevér o Estatutos sociais consonte establece o artigo 20.5 da Lei madrileña.

E, de todo o anterior, tira as seguintes conclusións: 1, que toda baixa voluntaria do socio (que ten efectos inmediatos en todo caso) debe se considerar xustificada; 2, que só pode se considerar coma inxustificada, en atención ás causas previstas nos Estatutos, causas que deben ter un carácter obxectivo, o que implica a súa precisa determinación estatutaria, sen que quede nas mans do Consello Reitor a dita determinación; 3, prevalece calquer suposto polo que legal ou estatutariamente se considere a baixa voluntaria coma xustificada.

O precedente sérvelle á Audiencia para fundamentar a caracterización que fai coma arbitraria da cualificación da baixa de autos, non xustificada segundo a estimación do Consello Reitor, aínda que mais sorprendente lle resulta a posterior actuación do Comité de Recursos, efectuando unha recualificación propia, asumindo funcións que non lle corresponden (aludindo ao incumprimento do período de preaviso, que os motivos alegados non abundan para xustificaren a baixa...).

O texto da sentenza anotada volve de novo –no mesmo Fundamento Terceiro– a ser ben crítico co acordo do Consello Reitor, por non conter –dí– referencia a causa concreta ningunha que determine a cualificación, o que produz unha evidente vulneración do referido principio de porta aberta, que se reflicte nos arts. 1, 20 de 114 da Lei de Cooperativas da Comunidade de Madrid. Consecuentemente, proclama a nulidade do acordo no momento adoptado polo Consello Reitor.

No Fundamento de Dereito Cuarto trátase do prazo máximo de catro meses que, segundo os Estatutos, dispon o Comité de Recursos para resolver os recursos interpostos fronte ao Consello Reitor.

No Fundamento Quinto examínase a pretensión do demandante na que se solicita o reembolso das cantidades achegadas. As ditas cantidades deberían ser,

segundo razoa a sentenza anotada, as establecidas para os supostos de baixa voluntaria xustificada.

Segundo os Estatutos da cooperativa demandada, o prazo máximo da devolución nos casos de baixa voluntaria xustificada é de dezoito meses. A Ley de Cooperativas da Comunidade de Madrid, remite aos Estatutos a fixación dos prazos para a devolución das achegas, límitándose a establecer (art. 55) uns prazos máximos ao tal efecto. Eses prazos refírense ao cumprimento da obriga a partires de certa data, sen que ata ese intre sexa esixibel o reembolso. Transcurrido o prazo, o acreedor pode solicitar o reembolso dentro do prazo de prescripción do art. 1964 do C.c. En concreto, no caso da *litis* a data da baixa é a de 2 de febreiro de 2010 e a demanda interponse o 27 de setembro de 2010: aínda non transcurrirán os dezoito meses que, segundo o Estatutos, facían esixibel a obriga de reembolso das achegas, aínda que o Tribunal entende que cabería exercitar unha acción mero declarativa (que non é a do caso de autos).

A Audiencia estima o recurso parcialmente, en relación a este derradeiro punto, por se exercitar unha acción de condena da cooperativa sen que transcurrirá o prazo previsto nos estatutos para que fora esixibel o reembolso

Pero, na súa parte dispositiva, o Tribunal estima parcialmente a demanda formulada por C. e declara nulo o acordo do Consello Reitor da cooperativa demandada polo que se cualificaba a baixa voluntaria do actor na cooperativa coma de non xustificada, xa que a dita baixa debe se entender coma xustificada a todo-os efectos.

## 2 ANOTACIÓN

O cerne do litixio que se resolve xira ao redor de dúas cuestión principais: unha primeira, a da distinción entre baixa xustificada e baixa non xustificada; a outra, a do dereito ao reembolso das achegas, en concreto, o prazo para poder reclamarlas.

En relación á primeira cuestión, a sentenza anotada conecta o dereito a causar baixa, como ven sendo un lugar común da doutrina (v. por todos N. PAZ CANALEJO e F. VICENT CHULIA, *La Ley General de Cooperativas*, en Comentarios al Código de Comercio y Legislación Mercantil Especial, dir.: F. SANCHEZ CALERO y M. ALBADALEJO, tomo XX (3 vols.); vol 2: “Artículos 29 a 26”, Madrid, 1994, pp. 81 e ss.) á efectividade do principio de porta aberta recollido na Declaración da Alianza Cooperativa Internacional sobre a Identidade Cooperativa, aceptado no Congreso de 1995, celebrado en Manchester. Principios e valores aos que remite ademáis a Lei 4/1999 de Cooperativas de Comunidade de Madrid no seu artigo 1.

En principio, o socio ten dereito á causar baixa da cooperativa (“baixa voluntaria”), para o que non precisa alegar nin acreditar causa ou motivo ningún. Neste

sentido, o art. 1.1 da LSC. A LCCMadrid, de aplicación ao presente caso, ademáis de determinar que a estrutura e funcionamento das cooperativas deberá se axustar aos principios e valores formulados pola Alianza Cooperativa Internacional (art. 1.2), concreta neste campo o principio de porta aberta no recoñecemento do socio a “*darse de baja en la cooperativa en todo momento...*” (art. 20.1). Porén, deberá respetar os prazos que sinala a lexislación vixente, agás que concurra xusta causa que dé lugar que a mesma sexa cualificada coma “xustificada”. En calquer caso, o dito dereito a causar baixa do socio nada ten que ver co dereito á separación que se recoñece a favor dos socios nas sociedades de capital cando concurran determinadas circunstancias (v. art. 346, LSC).

Quizáis a sentenza anotada non matiza axeitadamente (aínda que sin consecuencias no fío do razoamento lóxico da mesma) cando afirma que “*toda baja debe considerarse como justificada*”, pasando por alto a caracterización propia da baixa xustificada coma un tipo distinto do da baixa voluntaria: esta última actívase pola simple vontade do socio de causar baixa; para aquela outra –a “xustificada”–, non abonda coa dita vontade, senon que é preciso que se produzan determinadas circunstancias previstas na lei ou nos estatutos que ampararían o dereito de socio a causar baixa.

O único requisito esixíbel para a que a tal baixa se produza é o do “preaviso” á sociedade por parte do socio, feito coa antelación prevista nos Estatutos sociais (co prazo máximo de 6 meses para as persoas físicas e dun ano para as xurídicas na LCCMadrid, art. 20.1; na LC, art. 17.1, un ano) e que ten por obxecto dar a coñecer á sociedade anticipadamente a vontade do socio de marchar da Cooperativa e así poda ésta adoptar as medidas reorganizativas consecuentes á baixa. O incumprimento do dito prazo de preaviso terá a consideración de baixa non xustificada (art. 20.4 da LCCMADRID).

Asimesmo, tamén terán o carácter de baixas non xustificadas na LCCMADRID as baixas que se produzan durante os prazos mínimos de permanencia, agás que os administradores acordaran motivadamente o contrario, dadas as circunstancias do caso (art. 20.4) ou algunha das dúas seguintes (art. 20.5): a) cando o socio realice actividades competitivas coas da cooperativa no prazo dun ano posterior á súa saída da Cooperativa; b) naqueloutros supostos obxetivos previstos nos estatutos. Mandato legal que se reitera no art. 114.5 da mesma norma madrileña, precepto adicado as Cooperativas de vivendas, coma éo a do caso axuizado, que establece que “*los Estatutos deberán establecer las causas de baja no justificada de un socio, entendiéndose justificadas las bajas no previstas*”.

Dentro deste apartado das baixas xustificadas na lei de Comunidade de Madrid, pódense engadir tamén as seguintes:

- a) A do socio disconforme (mediante o voto contrario) cando se produza a prórroga da actividade da Cooperativa, a súa fusión ou escisión, o cambio

de clase ou a alteración sustancial do obxeto social daquela, ou a existencia de novas achegas obrigatorias ao capital, cargas ou obrigas extraestatutarias ou gravemente onerosas (art. 20.6).

- b) A do socio que perdera os requirimentos para seguilo sendo sempre que non sexa consecuencia da súa vontade de incumprir as súas obrigas coa Cooperativa ou de se beneficiar indebidamente da súa baixa obrigatoria (art. 20.4).

A cualificación da baixa coma non xustificada permite que os administradores acorden as deduccións establecidas ao efecto nos Estatutos. Segundo a LCCMadrid, as ditas deduccións no poden seren superiores ao vinte por cento en caso de baixa non xustificada ou de baixa durante o período de permanencia mínimo previsto na lei (art. 55.2).

Vemos pois como a cualificación da baixa –xustificada, non xustificada- non é intrascendente polos importantes efectos económicos que pode ter nos importes a devolver pola Cooperativa ao socio que marcha. De ahí a necesidade dunha axeitada tipificación dos supostos que dan lugar á baixa non xustificada e, dado o carácter desfavorable que a tal cualificación debe ter sobre o socio, a necesidade de que a cualificación estea motivada. E coma ben dí a sentenza anotada, *“de conformidade con el referido principio de puerta abierta, toda baja voluntaria non comprendida entre las que puedan dar lugar a su calificación como no justificada debe entenderse justificada”*.

No caso axuízado estima a Audiencia que o acordo do Consello Reitor cualificando a baixa coma non xustificada é nulo por carecer de apoio estatutario ou legal a dita cualificación: ao entender do xulgador, o tal acordo non contén referencia a causa concreta ningunha que determine a cualificación, de xeito que se produza unha evidente vulneración do principio de porta aberta. Os Estatutos esixen neste caso o incumprimento polo socio das súas obrigas legais ou estatutarias, coma causa de baixa voluntaria non xustificada. Pero o único motivo contido no acordado do Consello Reitor é o de que a baixa “prexudica gravemente os intereses da cooperativa”, mas sen se referir a incumprimento ningún.

Por outra parte está o punto relativo ao reembolso das achegas e, en concreto, do prazo poder proceder á súa reclamación. En relación ao importe ao devolver, compre partirmos do denominado “valor liquidativo inicial”. A LCCMadrid (art. 55.1) sinala que as liquidacións das achegas faráse segundo o balance de situación correspondente ao semestre no que a baixa se teña producido (a LC –art. 51.2-, refírese ao balance do exercicio no que se produza a baixa; na LCG –art. 64.1-tómase coma referencia o valor nominal –é criticable esta terminoloxía xa que *sensu strictu* non cabe actualización do dito “valor nominal”- segundo o balance do exercicio no que a baixa teña lugar). Sobre o importe liquidado das achegas obrigatorias do socio que cause baixa, os administradores poderían acordar as

deducción establecidas nos Estatutos, que non poderán ser superiores ao trinta por cento no caso de baixa por expulsión ou do vinte por cento no caso de baixa non xustificada ou durante o período de permanencia mínimo (art. 55.2 da LCC-Madrid).

Na sentenza anotada a cuestión debatida neste ámbito non é o das cantidades a devolver, pois o xulgador en apelación resolve no sentido de considerar a baixa coma xustificada, deixando sen efecto a cualificación efectuada polo Consello Reitor da Cooperativa demandada. A cuestión que require o pronunciamento da Audiencia é o da viabilidade da acción de reembolso polo non transcurso dos prazos previstos estatutariamente ao efecto: o demandante interesaba a condena da demandada para que proceda ao dito reembolso.

Os Estatutos da cooperativa de autos establecían un prazo máximo de devolución no suposto de baixa voluntaria de dezaioito meses. Prazo establecido ao amparo do art. 55.3 da LCCMadrid, que determina un prazo máximo para proceder ao reembolso de cinco anos en caso de expulsión e de tres anos en caso de outras baixas. A cuestión da determinación do *dies a quo* para o cómputo do dito prazo é resolto pola Audiencia no sentido de entendela coma a data que se produce a baixa (en concreto, tres meses despois da recepción do preaviso), o que ven a ser criterio xeral na lexislación cooperativa (non así na LCG –art. 64.4- que precisa que tal data será a do peche do exercicio no que a persoa socia causou baixa).

Ben, pois no caso que nos ocupa, o devandito prazo de dezaioito meses para poder prantexa-la súa reclamación o socio cooperativas aínda non transcurrirá para que o reembolso fora esixibel, o que leva á Audiencia a desestimación da demanda non sin antes deixar a salvo a posibilidade de que antes dese prazo transcurrir, poiderase exercita-la acción mero declarativa do recoñecemento do dereito ou da liquidación que procederá, pero nunca a acción de condena.